



Concello do Porriño

Como Alcadesa de O Concello do Porriño e ante a próxima celebración da noite de San Xoan que se celebrará a noite do 23 o 24 de xuño de 2021, en **TERREOS DE PROPIEDAD PRIVADA EXCLUSIVAMENTE POR PARTICULARES**, veño en dictar o seguinte

### **BANDO**

**1º.** O montaxe das fogueiras realizarase en lugares despexados e terán que distar un mínimo de 15 metros ás edificacións e árbores.

O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho cunha altura máxima de 2 metros.

As persoas asistentes a fogueira non poderán concentrarse a unha distancia inferior á do ancho da fogueira respecto do perímetro exterior.

**2º.** Os materiais a empregar na combustión serán: leñas, polas, toros de árbores e vellos materiais de madeira de calquera clase.

Prohíbese a queima de neumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral de calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.

Prohíbense as fogueiras baixo tendidos eléctricos, telefónicos, etc.

**3º.** Prohíbese a realización das tradicionais fogueiras parroquiaais, comunitarias ou veciñais en espazos públicos ou en terreos privados ou comunitarios, susceptibles de seren utilizados por unha colectividade indeterminada de persoas usuarias.

**4º.** Será de obrigado cumprimento as normas sanitarias de distanciamento interpersoal, uso de máscaras, aforamentos máximos, limitación da mobilidade nocturna, medidas de hixiene e as de control pola persoa organizadora para evitar aglomeracións, así como outras semellantes para previr os riscos de contaxio, que poidan ditar as autoridades competentes que estean en vigor no intre da celebración da fogueira.

**5º.** A fogueira permanecerá vixiada polos solicitantes ata a súa total extinción que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga, asegurándose que as cinzas queden totalmente apagadas.

**6º.** O interesado que organice o evento deberá coidar os arredores e coñecer o número do teléfono do Bombeiros (080) e o de Emerxencias (112).

**7º.** Os axentes da miña autoridade vixiarán o estricto cumprimento destas disposicións podendo en caso de infracción ou cualquera perigo, incluído o meteorolóxico, prohibir o encendido ou ordenar a extinción inmediata da fogueira.

**8º.** O incumprimento do disposto dará lugar ás preceptivas sancións administrativas.

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: AY6CJTXCEXSJ7GMRWPYAZJAZL | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello do Porriño

**9º.** De conformidade co establecido na Orde da Consellería de Sanidade de 28 de maio de 2021, pola que establecen medidas de prevención específicas derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia recoméndase que os grupos non superen as seis persoas coma máximo en espazos pechados e as quince persoas coma máximo en espazos abertos ou ao aire libre, sexan de uso público ou privado, agás que se trate de conviventes.

**10º.** A solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica deste Concello antes das **00:00 horas do día 23 de xuño de 2021** a autorización pertinente do Concello. As solicitudes realizadas a partir desta data no serán autorizadas.

**Documento asinado dixitalmente na data que se indica ao marxe**

---

**Concello do Porriño**

C/ Antonio Palacios, 1, Porriño, O. 36400 (Pontevedra). Tfno. 986335000. Fax: 986330579



Cod. Validación: AY6CJTXCEXSJ7GMRWPYA2JA7L | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2